



PRIMEIRO DÍA DE PECHE:

A Universidade non deu sinais de vida. Non obstante, [“falou” a través dos medios de comunicación.](#)

Veu a dicir que o *sentían moito, pero que non hai capacidade orzamentaria.*

Chegados a este punto non nos queda máis remedio que insistir nas nosas apreciacións que constatan o seguinte:

Os orzamentos da Universidade para o ano 2010 establecían o incremento da RPT de persoal laboral.

Non o dicimos só nós (que podemos non coñecer moito de números), senón que o dicía tamén, a CIG que ten dous membros na Comisión Económica delegada do Consello de Goberno onde se trataron os ditos orzamentos para este ano que despois aprobou o propio Consello de Goberno.

En concreto, no comunicado difundido pola CIG (21/12/2009) afirmábase textualmente en referencia aos orzamentos:

“Asegura os fondos precisos para a negociación da nova RPT de PAS laboral, o que posibilitará un incremento no número de prazas segundo o previsto no Plano Estratéxico da UDC. Programación Plurianual 2009-2010, tal e como xa aconteceu coa RPT de funcionarios.” ([Para que o comprobades xuntamos o comunicado](#)).

Se o orzamento recolle o incremento da RPT:

- Por que agora non hai diñeiro?
- O PAS laboral no é “prioritario”. Por que se cumpren outros compromisos fielmente e se adía este?
- Paga algunha factura, (por exemplo, non ser un colectivo “afín”) o noso Colectivo?

Mentres que desaparece o diñeiro para a RPT a Universidade recorre á precariedade:

Contratos de 3+3 meses (estes contratos xa están incluídos no orzamento – Capítulo I).

- INEF
- CAU (2222)
- DEPORTES
- ELVIÑA2
- POLITÉCNICA SUPERIOR

Arredor de 15 prazas.

ETT (requiriría exclusivamente o cambio do diñeiro de capítulo no orzamento, mais os cartos xa os hai e as prazas estanse a pagar)

- CUR (Centro Universitario de Riazor)
- CITEEC
- CIT
- Ciencias da Comunicación.
- CITIC
- Fortín (Campus de OZA).
- Casa do Patín.

Nesta situación hai unhas 10 prazas.

A Universidade recepcionou varios edificios recentemente. O persoal que os atenderá será tamén contratado pola vía precaria?

E iso que son “progresistas”!.

Como vedes a suma da precariedade xa recollida e pagada a través dos orzamentos é dunhas 25 prazas a Universidade. A súa oferta (cando a había) achegaba realmente unhas 13 prazas de nova creación que precisaban diñeiro adicional (facede o cómputo en 5 anos).

Estamos convencidos de que o problema non é só de diñeiro. Como dixemos, o diñeiro xa estaba reservado.